

As outras viaxes

Itinerario portugués Inés de Castro



Os nenos e nenas de Monforte criabámonos desde os primeiros anos con dúas lendas que nos enchían o maxín de fantasías: a da Coroa de fogo e a da Inés de Castro. As dúas acontecidas aló pola xa avanzada Idade Media e cun fondo de paisaxe na que o castelo e a igrexa de San Vicente, no alto do castro monfortino, eran tamén protagonistas escuros.

Mais a historia de Inés nacía e morría alí na fortaleza monfortina, pois a nosa fantasía non podía abranger territorios que non coñeciamos a aqueles anos. O noso mundo infantil era ese, Os Chaos, o Cabe, o Regueiro e, como moito, o Campo da Compañía. Así que, cando fomos maiores, atopamos máis veces coa historia trágica, romántica e misteriosa da Inés, moza fermosísima, monfortina, nobre, asasinada lonxe da súa terra por uns portugueses miserábeis. Sentimos sempre unha atracción estraña polos escenarios dos sucesos rechamantes. A nosa educación levounos arreo polo camiño da comprobación case policial dos feitos e, xa que logo, dos itinerarios, das paisaxes, dos lugares da felicidade ou da traxedia como elementos fundamentais que certifican a realidade, aínda que esta estea adornada co imaxinario popular.

Enchémonos, pois, de historia, lendo obras e ensaios sobre a nosa Inés, a maior parte aproveitados para enaltecer a historia de Castela e España a costa de silenciar ou menosprezar a nosa propia. O asinato produciuse por intereses da nobreza e do rei portugués Afonso IV para afastar dese país independizado de Galiza case dous séculos antes da morte da nosa protagonista, a Casa de Lemos, con grande poder aínda daquela tanto en Portugal como en Castela. Coa súa morte naceu o mito, e el lévanos agora a viaxar na procura dos escenarios que a viron, a ouviron e a amaron.

Hai unha primeira parte da viaxe que se corresponde cos lugares do seu nacemento: Lemos e a súa comarca (outros dirían A Limia ou até Peñafiel). O Monforte do señor de Lemos, na altura, D. Pedro Fernández de Castro, educado precisamente na corte portuguesa polo que despois sería o que mandaría matar a Inés, Afonso IV. Aquel D. Pedro era pai, tamén, aínda que con distinta muller, da que fora por unha noite raíña de Castela e León-Galiza, Xoana de Castro. Mantense hoxe a torre da homenaxe, elegante e firme, a controlar un dos vales



máis amplos, fermosos e orixinais de Galiza, pois ofrece unha curiosa paisaxe de pequenos castros ciscados polo circundo en verdes e simétricos outeiros. E fica a igrexa moi eivada pola súa reconversión en Parador de Turismo cando Fraga exercía de ditador camuflado os nosos escuros destinos. O palacio moi deformado tamén, reconstruído en novos espazos hostaleiros, con vestixios mesmo prerrománicos soterrados baixo o formigón

LOIS DIÉGUEZ

Exerceu como enxeñeiro técnico topógrafo no Concello de Lugo. Foi deputado polo BN-PG/PSG na primeira lexislatura do Parlamento Galego. Activo conferenciante e colaborador de xornais e revistas, forma parte do grupo poético Círculos Líticos e é presidente da asociación LugoPatrimonio. Da súa ampla obra literaria destacamos, en narrativa, *A canción do vagamundo* (1986), *Monólogos do espello* (1993), *Viaxe ás terras encantadas de Lemos* (1999), *A casa de Galiaz* (2003), *O Canto do Muecín* (2007), ou *A poutada do oso* (2011). En poesía, *Albre de Esperanza* (1966), *O ferro dos días* (1982) ou *Ónfalos* (2001)

Convento de Santa Clara Velha



Batalha e Fonte das Lágrimas. No mapa de Coimbra, na parte inferior esquerda, atoparemos os conventos de Santa Clara e máis a Quinta das Lágrimas

do desprezo e a ignorancia. Triste, pero aínda así fermosa postal para enviar aos amigos como lembranza desta terra cantada por un exército de poetas que van desde Góngora a Manuel María.

Pero hoxe non imos deter os nosos pasos nesta primeira parte da viaxe. Quizabes outro día poderemos entrar nela con máis vagar. Conserva, pois, nos ollos, a postal descrita e ese balcón ferreño traballado polos ferreiros do lugar ao que, nese s. XIV, cando nena ou mociña, asomaría Inés coa mirada aberta ás ilusións do seu destino.

De camiño a Coimbra, lugar central da paixón e morte, felicidade e desventura de Inés, imos escoitando os poemas musicados que un día lle dedicaron Camoens, ou Julio Dantas, Vélez de Guevara ou Manuel María. O romance que Carmen Morell popularizou polos anos 40 e 50 con ese ton español e castizo, deses que abren a emoción e libran facilmente a bágoa:

Doña Constanza salíó/de España para Coimbra./Doña Inés la acompañaba,/ su mejor dama y amiga. A música é o mellor xeito de ir entrando na atmosfera, no tema central da viaxe. O amplo grupo de viaxeiros que enchen o bus, calan, rin con ese aceno de nostalxia, e falan despois de Inés. Algúns deles nunca ouviran da raíña, os máis novos precisamente. O romance, pois, dá lugar a saber que Inés de Castro foi para Portugal acompañando a dona Constanza, a designada entre os reis de Castela e Portugal como esposa do infante Pedro.

O Mondego, de augas transparentes e puras, era chamado polos romanos como río Munda, precisamente por estas características. Cando se chega é el o que nos chama, largo e prata, baixo as pontes longas, con milleiros de aves brancas irisando a superficie. Camoens cólleo como símbolo no seu canto a Inés. E chama despois a cidade alta, subindo apiñocada en brancos de fachadas e rubios de tellados, até a Torre lanzal da Universidade. A cidade garda os segredos baixo a terra fortemente inclinada, romanos eles, en arcos robustos para soste planas terrazas, como o Criptopórtico, da autoría –dise– e lémbraos Felipe-Senén, de Caio Servio Lupo, o arquitecto tamén da Torre de Hércules.

Aeminium foi chamada Coimbra, pasando a ser a capital despois de que os suevos destrúsen Conímbriga que, a poucos quilómetros, garda os mosaicos máis vivos do país e unhas termas

De camiño a Coimbra, lugar central da paixón e morte, felicidade e desventura de Inés, imos escoitando os poemas musicados que un día lle dedicaron Camoens, ou Julio Dantas, Vélez de Guevara ou Manuel María



Quinta das Lágrimas e Convento de Santa Clara a Velha

ben conservadas. Mantén aínda os seus ares de capital da nación nese sabor de cidade medieval mimada polo primeiro rei de Portugal, o Afonso Henriques, fillo de Tareixa e Henrique de Lorena, señores do condado daquela galego. El foi o que construíu esa erguida e orgullosa Sé Velha, un algo comida polas casas, coas súas xanela en arcos continuados e capiteis de influencia oriental. Fortaleza é, pola ameas, con portas tan robustas como fermosas no encanto da decoración, encumiadas sobre solemnes escaleiras.

Os viaxeiros veñen baixando desde a Universidade e métense por esas rúas estreitas ás que dan pala-

cios manuelinos de moita historia, como o de Sub Ripas ou a Torre de Anto, pequena ela e de nobres proporcións, onde viviu o poeta Antonio Nobre, que trouxo de París o gusto polo simbolismo poético. A Universidade con toda a súa riqueza de bibliotecas e portas e estanzas, igrexa e xanelas manuelinas. O museo Machado de Castro e a igrexa barroca de S. Joao. As pintadas enxeñosas que ateigan muros e casas: *estava a pensar nunha revolución/ atraves do vazamento da palabra solidao. Que bosta!* (esta frase con letra distinta). Pero aínda máis que os monumentos é o ar, a cor, as costas apinadas, o arrendo a cebola frita ou a loureiro, a



Túmulo de D. Inês de Castro

Inês de Castro, a nobre galega por quem o infante D. Pedro se apaixonou, foi executada em 1355, em Coimbra, por ordem do rei D. Afonso IV.

O túmulo tem representadas cenas da vida e morte de Cristo, em analogía con a que foi a súa vida. O Juízo Final sela a narrativa, con a salvación dos inocentes e a condenaón dos culpados.

Túmulo de Inês de Castro no Mosteiro de Santa Maria de Alcobaça

charla lenta e precisa dos coimbraos parados no medio da rúa quen guían os viaxeiros un tanto apurados, pois queren pasar axiña a antiga muralla polo Arco de Almedina, xa na parte baixa da cidade, para chegar canto antes aos dous puntos relacionados coa vida máis sentida da Inês: a igrexa e circundos de Santa Clara a Velha e a Quinta das Lágrimas. Ben se nota que a súa historia creou paixóns, pois van eles a discutir as diferentes interpretacións dos motivos que levaron a tal monstrosidade por parte do rei louco.

—Mais o rei tiña que coidar os seus intereses; era home do medievo, non de hoxe.

—E para iso tiña que asasinar?

—E por que non, burriña, que até hoxe se segue a facer cada día, e en máis número, que librarse dun só nen graza lles ten.

Deixan a rúa principal Ferreira Borges e nun repente xa están cruzando a ponte de Santa Clara. Venci-

da esta o camiño ofrece a súa meta: museo e ruínas enchen un amplo espazo limpo ao sol tímido do mediodía. Aboia o edificio rectangular que recibe os visitantes, sobre estanque de augas aceiradas a mostrar o seu reflexo e lembrar que as augas do Mondego tiñan o convento gótico de Santa Clara a Velha sempre anegado e húmido. Despois, por camiño de terra van contemplando nunha carreira as distintas perspectivas das ruínas, ben conservadas e vivas á imaxinación. As celas, o claustro, os xardíns, as naves da igrexa e as portas e capiteis na pedra que un día contemplaría a Inês nos seus paseos polo palacio. Os viaxeiros seguen coa presa e van buscando polo claustro apenas insinuado, o lugar onde foi sepultada despois do asasinato. Imaxinan o espazo no ar polo que andou co seu amante e cos seus fillos. Todas as preguntas van por ese lado, e o guía sorrí e inventa tamén el: aló arriba, naquela nube rosa estaba o seu cuarto, e alí, por riba do arco agachábase con Pedro para roubarlle os labios... e mentres lles conta as súas fantasías, repara el no fácil que é alimentar a imaxinación co mito da traxedia. E para arrefriar unha miga a historia cóntalles que o convento foi fundación doutra raíña, Isabel de Portugal, a santa e patroa de Coimbra, esposa do rei don Dinís, o trobeiro e o das grandes obras, a finais do s. XIII, poucos anos antes do nacemento de Inês. Dona Isabel, a santa, viña a ser, logo, a nai dun asasino, o Afonso IV.

Non se queren ir os visitantes, tomando fotos arreo, correndo, subindo ás naves superiores... e hai que rifarlles un chisquiño. Volve o camiño por estrada vella, cerca tamén, cara aos xardíns da Quinta. O guía decátase de que agora as conversas van furando na nova figura de Isabel de Portugal, e que todos ollan para o alto da costa onde se topa o novo convento de Santa Clara, levantado no s. XVII para fuxir dos anegamentos do outro, onde repousan agora os restos da santa, en



Todo é grande en
Alcobaça, como
se escultores e
arquitectos soubesen
xa que alí ían ter
reposo os namorados
maiores dos reinos de
Portugal e Galiza

sepultura de pedra ruda e colorida, co seu encanto antigo.

Entran por camiño verde e tamizado polo respirar das grandes árbores. Plantas e arbustos de toda clase, e figuras escultóricas a observar, como pantasmas. O silencio é inspiración na xente. Aspiran arrecendos do xardín romántico, da Quinta xa coñecida no s. XIV e enriquecida nos s. XVI e XIX. Arco e porta neogóticos danlle entrada aos espazos máis íntimos da Inés. Primeiro á Fonte dos Amores, testemuña das palabras e bicos dos amantes. A inmensa copa dunha figueira de Australia protexe o lugar do ardente sol e ponlle a atmósfera do silencio. As súas raíces dan para colocarse os case sesenta viaxeiros en recordo gráfico de estancia. As canles da auga ramifícanse para formar estanques e regar a Quinta. A poucos pasos, o muro de rocha natural de onde agroma a auga, forma a Fonte das Lágrimas, co seu fondo tinguido en vermello pola pena. Luis de Camoens púxolle o nome e os donos da Quinta gravaron na pedra as palabras do poeta que agora len os viaxeiros: *As filhas do Mondego a morte escura/ longo tempo chorando memoraram,/ e por memória eterna, em fonte pura/ as lágrimas choradas transformaram;/ o nome lle puseram, que inda dura,/ dos amores de Inés que ali passaram./ Vede que fresca fonte rega as flores,/ que lágrimas sao a água, e o nome amores.*

—Aqui foi —di a María nun susurro, e bota un fondo suspiro.



Túmulo de D. Pedro no Mosteiro de Santa Maria de Alcobaça situado fronte ao de Inés de Castro





Fachada do Mosteiro de Santa Maria de Alcobaça



—Tres a asasinaron, aquí, segundo a lenda —explica o guía—, cravándolle o puñal e degolándoa, os covardes: Diogo López Pacheco, Pedro Coelho e Alvar Gonzalves, nobres e ruíns. Cando Pedro subiu ao trono fuxiron e protexéronse en Castela, mais a ira de Pedro non cesou até pillar a dous deles, e o castigo tamén foi cruel: arrincoulles os corazóns e roúllelos.

—Por iso lle chamaron o Cruel, ao Pedro?

—Por iso mesmo.

—Mais eu quero quedar co canto de Manuel María ao amor —di unha moza loura de ollos azuis, e le: *A vida*

non ten senso sen amor./ A vida non vale nada sen tenrura./ O amor vence a morte e máis a dor/ e o amor é sempre o que perdura!/.

A María, nerviosa, volve suspirar profundo. Quere irse dalí porque di que non atura a dor. Pero os demais rin e comezan a desandar o camiño.

Alcobaça será o próximo destino. Pero antes van visitar o convento de Santa Cruz para ver o túmulo renacentista do primeiro rei de Portugal Afonso Henriques, por aquilo de que foi galego, e para comprobar tamén a acertada e orixinal inspiración de Nicolás de Chanterenne no que parecen ser unhas manoplas e helmos pendurados no lenzo da sepultura, como se a morte non fose alí a representada, senón o sono e o descanso do rei e do seu fillo Sancho. E tamén para ver e retratarse no claustro máis sinxelo e perfecto que se teña construído, no que a corda manuelina pasa a ser o fío escultórico principal, en execución de Marco Pires.

Alcobaça, a branca, tiña que ser, por forza, e na altura do seu tempo, a petrificación artística perfecta do amor de Pedro por Inés. Lugar dos dous ríos, da cerámica azul, do mosteiro levantado precisamente por Afonso Henriques en agradecemento ás súas conquistas, como no seu momento fixo Xoán I para conmemorar as súas en Batalha, o símbolo da conquista sobre Castela, a avariciosa e imperial, e que, de camiño, tamén visitan os nosos viaxeiros, pero non nós aquí, pois nen espazo nen tempo nolo permiten.

Non fai honor a fachada longa do s. XVIII ao gótico esplendoroso do interior. Chove a deus dar cando entran os viaxeiros, e o chan da praza é espello onde se reflicten torres e ventás, e o grupo colorido. Dentro, no claustro do Silencio, as gárgolas fantásticas botan auga a mares e a súa beleza non pode pintar maior. Todo é grande en Alcobaça, como se escultores e arquitectos soubesen xa que alí ían ter repouso os namorados maiores dos reinos de Por-



No restaurante de Coimbra, fronte a Sé Velha, agarda o bacallau frito con cebola, o vinho verde e perfumado, o fado triste que os cantores do Mondego, vestidos de negro rigoroso, cantan con voz firme

tugal e Galiza. As naves, altísimas, sen obstáculos nen decoración, fan aos viaxeiros pequeniños e lentos no camiñar de estudo. Cociña, Sala Capitular, Refectorio, Dormitorios... forman no conxunto unha grande cidade para milleiros de habitantes, pois antes por ese número se contaban os freires.

E sobre todo iso, no transepto, en liña rectangular moi traballada, fican fronte a fronte, os túmulos de Inés e de Pedro, ollándose un pouco ao lonxe na espera de poder erguerse o día do Xuízo Final para renovar o amor e recriarse na contemplación. *Até a fin do mundo*, gravou Pedro na súa cabeceira, e alí mesmo fixo esculpir a Roda da Fortuna onde en diversas escenas escenificou o suplicio da amada, lembrando o tempo en que a desenterrou de santa Clara a Velha e a trasladou en comitiva rexa a onde agora está en corpo xa esqueletizado para que a corte bicase a súa man e lle rendese honores de raíña, pois así a vestiu tamén. Foi a súa vinganza contra o magno crime.

Inés loce no mármore branco o seu colo de garza, e fica coroada como raíña de Portugal baixo o trono simbólico. Sorriso sosegado despois do martirio. Os anxos gárdana e protéxena. Leva nas mans algo que non podemos distinguir debido á altura. O escudo dos Castro corre repetido ao par do de Portugal. Esa é a presenza dos señores máis grandes de Galiza. A vida de Cristo enche os lados do sepulcro, en simboloxía

de martirio. A guía portuguesa conta a súa versión e ábrese o debate. As viaxeiras son quen máis defenden a Inés, aínda que ninguén a menospreze. Dalgunha man sae unha folla manuscrita, e a mesma rapaciña lourea de ollos azuis le o poema que Rosalía de Castro lle dedicou en 1884: *Desde as fartas ribeiras do Mondego/ desde a Fonte das Lágrimas/ que na bela Coimbra,/ as rosas de cen folhas embalsaman,/ do Minho atravesando as águas mansas/ en misteriosas asas,/ de Inés de Castro, a dona máis garrida,/ e a máis doce e máis triste enamorada/ do grao Camoes que imortal a fez/ cantando as suas desgraças,/ de quando en quando a acarinhar-nos vem/ eu nao sei que saudades e lembranças...*

Segue a chover a deus dar e as gárgolas do silencio a verter as súas bágoas. Os viaxeiros soben ao bus e xa escurecendo volven a Coimbra metidos nun sopor quentiño que consola o frío do camiño. Pero aló, no restaurante de Coimbra, fronte a Sé Velha, agarda o bacallau frito con cebola, o vinho verde e perfumado, o fado triste que os cantores do Mondego, vestidos de negro rigoroso, cantan con voz firme e expresión solemne. *Oh Inés, Oh Inés a veciña nosa de colo de garza... / Oh Inés, Oh Inés...* e os viaxeiros, postos en pé e armados de longo copo, brindan, brindan satisfeitos pola monfortina e por aquela que, coma ela, leva o apelido. E para que o trío feminino fiquen completo e plural, por Isabel, a santa ■